

DECRETO NÚMERO 18006279 DO 19/07/2018

Ilmo. Sr. Don XOSE DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tte. de Alcalde Delegado da Area de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que polo Decreto Nº 17009849 do 09/11/2017, se resolveu convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de Policía Local, pertencentes ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de mobilidade horizontal, mediante o sistema de concurso entre funcionarios doutros corpos da Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia o cal se rexerá polas bases específicas aprobadas por acordo nº 11/550 da Xunta de Goberno Local deste Concello na súa sesión do 13.09.2017.

Dito Decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo”, núm. 279, de 5 de decembro de 2017.

De igual xeito foi publicado extracto de dita convocatoria no “Diario Oficial de Galicia” núm. 24, de 2 de febreiro de 2018 e anuncio no “Boletín Oficial del Estado” núm 51, de 27 de febreiro de 2018.

Visto que polo Decreto Nº 18003009 do 12/04/2018, se resolveu aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) do mencionado proceso selectivo. Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo nº 115 de 22 de maio de 2018.

Tendo en conta que data do 5 de xuño de 2018 rematou o prazo de presentación de enmendas e vistos os escritos presentados polos aspirantes que figuraban como excluídos, esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 16005312, ditado o 5-07-2016, modificado polo Decreto número 18003431 do 26-04-2018, **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº 17009849 do 09/11/2017, para o acceso en propiedade a dúas prazas de Policía Local, pertencentes ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de mobilidade horizontal, mediante o sistema de concurso entre funcionarios doutros corpos da Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia, que a continuación se indica:

ADMITIDOS

Apelidos e nome	DNI
ALVAREZ ALVAREZ, CARLOS	36160704N
ARIAS FERRERIA, JAVIER	33535245A
CAMESELLE FERNÁNDEZ, ROBERTO	36136999C
CASTRO PAADIN, JUAN CARLOS	32701166L

PERSOAL

MLP/egp

Refª: 18drlistadef 2PoliciaLocal (q.mobilidade).doc

Asunto: Lista definitiva adm/excluidos - 2 policía

CURRAS RINCÓN, JOSÉ MIGUEL	34988916M
ESTÉVEZ FRANCO, JOSÉ MANUEL	46902264C
LÓPEZ PALACIOS, MARÍA	33341849Z
SOUTO LÓPEZ, JOSÉ IGOR	33536613Z

EXCLUIDOS

COCA RODRIGUEZ, JOSE ANTONIO	44459167Y	Non acreditar documentalmente o compromiso sinalado na Base 4.1.d)
MONTES FERREIRO, RUBÉN	33346722B	Non ser válida a acreditación documental do compromiso sinalado na Base 4.1.d)

Segundo.- Fixar a data, hora e lugar para a constitución do Tribunal cualificador e posterior comprobación, avaliación e cualificación dos méritos alegados e xustificadas, se é o caso, polas/polos aspirantes do seguinte xeito:

Data: 6 de setembro de 2018

Hora: 10 horas de mañá

Lugar: Salón Comisión da Casa Consistorial do Concello de Lugo.

Terceiro.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facendose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado desta orde en Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Non obstante poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición podrá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.